

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 9 DE SETEMBRO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA INTERINA:

D.^a Laura García Santiago

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e dez minutos do día nove de setembro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D.^a Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D.^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora interina D.^a Laura García Santiago, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DO DÍA 29 DE AGOSTO DE 2025 E SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 2 DE SETEMBRO DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións extraordinaria e urgente celebrada en data 29 de agosto de 2025 e ordinaria do día 2 de setembro de 2025, das que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométense a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas da sesión extraordinaria e urgente realizada en data 29 de agosto de 2025 e ordinaria do día 2 de setembro de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, resolución de 3 de setembro de 2025, pola que se actualiza o anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE número 215, de 06-09-2025.

- Augas de Galicia, resolución de 27 de agosto de 2025, pola que se amplía o crédito previsto na Resolución de 28 de marzo de 2025, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concurrencia non competitiva, para a execución de actuacións para minimizar as perdas de auga en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 con carácter plurianual (código de procedemento AU301E). DOG número 172, de 08-09-2025.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 29 de agosto ao 4 de setembro de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 789/2025 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 800/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
789/2025	29-08-2025	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 29 de agosto de 2025
790/2025	29-08-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de setembro de 2025
791/2025	01-09-2025	Aprobar a nómina do mes de agosto de 2025 cun total de retribucións brutas de 34.467,23 euros
792/2025	01-09-2025	Adxudicar ao Banco Santander SA, CIF A39000013, a colocación de 22.000.000 euros a un 2,002% nominal de xuro, por un período de 3 meses, sen comisións nin gastos pola operación, nin penalización por dispoñibilidade anticipada, establecéndose que se o día do vencemento fose inhábil, tomarase como data de vencemento o seguinte día hábil
793/2025	01-09-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JMFM
794/2025	03-09-2025	Autorizar o reingreso ao servizo activo tras a excedencia voluntaria por coidado de familiares de MdelMCB coa incorporación efectiva ao seu posto de traballo de conserxe adscrito á Axencia de Desenvolvemento Local con data 4 de setembro de 2025, de conformidade co artigo 178 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia

795/2025	03-09-2025	Aprobar as facturas por un importe total de 3.360,00 euros
796/2025	03-09-2025	Autorizar o reingreso ao servizo activo da funcionaria M ^a delCPS no posto de traballo de técnico en promoción económica con efectos económicos e administrativos dende o 5 de agosto de 2025, data da solicitude do mesmo, de conformidade cos artigos 169 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia e 9-1 do Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 365/1995
797/2025	03-09-2025	Acceder ao solicitado e remitirle a dona María Dolores Pan Lesta a documentación resolucións
798/2025	04-09-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de de intervención de data 2 de setembro de 2025 tendo en conta o informe emitido pola axente de desenvolvemento local de data 2 de setembro de 2025. Aprobar as facturas por un importe total de 4.673,13 euros
799/2025	04-09-2025	Levantar os reparos suspensivos emitidos pola interventora accidental no seu informe de fiscalización de data 18 de agosto de 2025, isto con base no informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, de data 25 de agosto de 2025. Outorgar á Asociación de Nais e Pais Brexo-Lema do CEIP Emilio González López, unha subvención por importe de 19.249,04 euros para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2024/2025. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Brexo - Lema do CEIP Emilio González López
800/2025	04-09-2025	Levantar os reparos suspensivos emitidos pola interventora accidental no seu informe de fiscalización de data 18 de agosto de 2025, isto con base no informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, de data 25 de agosto de 2025. Outorgar á ANPA CEIP Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás, unha subvención por importe de 17.798,12 euros. Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA CEIP Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- Proposta relativa á designación de responsable do contrato de “Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra *Mantenimiento de caminos municipales en las parroquias de Bribes, Cecebre y otros*”, expediente 2025/C002/000028.

- Proposta relativa á designación de responsable do contrato da obra “*Mantenimiento de caminos municipales en las parroquias de Bribes, Cecebre y otros*”, expediente 2022/C003/000021.

A Sra. presidenta intervén e manifesta a urxencia dos asuntos vén motivada pola necesidade de cambiar os responsables dos contratos, e que se trata dunha obra que debe comezar a súa execución.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, e é aprobada por unanimidade.

- 4.1. - PROPOSTA RELATIVA Á DESIGNACIÓN DE RESPONSABLE DO CONTRATO DE “DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA MANTENIMIENTO DE CAMINOS MUNICIPALES EN LAS PARROQUIAS DE BRIBES, CECEBRE Y OTROS”, EXPEDIENTE 2025/C002/000028

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 8 de setembro de 2025 (CVD: O5kMUHVswrt+G5RpFPSg), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 28 de agosto de 2025, acordouse adxudicar o contrato menor de “Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra *Mantenimiento de caminos municipales en las parroquias de Bribes, Cecebre y otros*” á entidade mercantil ABADÉUS ARQUITECTURA S.L.P, expediente 2025/C002/000028, e designar como responsable do contrato ao arquitecto municipal don José Agustín Barca Cotelo.

Visto que no día de hoxe tomou posesión do seu posto como enxeñeiro técnico de obras públicas interino don David Fraga Germade.

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Deixar sen efecto a designación de don José Agustín Barca Cotelo como responsable do contrato de “Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra *Mantenimiento de caminos municipales en las parroquias de Bribes, Cecebre y otros*”, expediente 2025/C002/000028, efectuada na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data 28 de agosto de 2025, e designar como responsable do contrato a don David Fraga Germade, enxeñeiro técnico de obras públicas interino.

Segundo: Notificar o presente acordo ao adxudicatario, e dar traslado a don José Agustín Barca Cotelo e don David Fraga Germade, para a súa constancia e para os efectos oportunos”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 8 de setembro de 2025 (CVD: O5kMUHVswrt+G5RpFPSg), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

- 4.2. PROPOSTA RELATIVA Á DESIGNACIÓN DE RESPONSABLE DO CONTRATO DA OBRA “MANTENIMIENTO DE CAMINOS MUNICIPALES EN LAS PARROQUIAS DE BRIBES, CECEBRE Y OTROS”, EXPEDIENTE 2022/C003/000021.

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 8 de setembro de 2025 (CVD: 6HabDpuWWlhbkWd+BpwL) que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 28 de agosto de 2025, acordouse deixar sen efecto a designación de don Alberto Serrano Souto como responsable do contrato da obra “*Mantenimiento de caminos municipales en las parroquias de Bribes, Cecebre y otros*”, expediente 2022/C003/000021, efectuada na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data 25 de xuño de 2025, e designar como responsable do contrato a don José Agustín Barca Cotelo, arquitecto municipal-xefe da Sección de Planeamento e Xestión.

Visto que no día de hoxe tomou posesión do seu posto como enxeñeiro técnico de obras públicas interino don David Fraga Germade.

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Deixar sen efecto a designación de don José Agustín Barca Cotelo como responsable do contrato da obra “*Mantenimiento de caminos municipales en las parroquias de Bribes, Cecebre y otros*”, expediente 2022/C003/000021, efectuada na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data 28 de agosto de 2025, e designar como responsable do contrato a don David Fraga Germade, enxeñeiro técnico de obras públicas interino.

Segundo: Notificar o presente acordo ao adxudicatario, ao director de obra e coordinador de seguridade e saúde, e dar traslado a don José Agustín Barca Cotelo e don David Fraga Germade, para a súa constancia e para os efectos oportunos”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 8 de setembro de 2025 (CVD: 6HabDpuWWlhbkWd+BpwL) resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e quince minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo